

ARTE

# Medidas variables no 'Bosque animado' do CGAC

! A obra de máis de trinta artistas forma parte dos fondos da institución para abordar a temática centrada na escala, cun enfoque narrativo a partir dunha selección de textos

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

Conseguida e superada a perspectiva lineal renacentista, á arte xa non lle interesa indagar sobre a representación, senón sobre a presentación. Quedou obsoleto o intento de imitar o existente. Por medio do cÓmic, a tele ou a tecnoloxía dixital, estíranse, encolleranse ou trucáronse imaxes para facer pasar por certas asociacións pouco habituais, creando narracións ficticias que reconstrúen doutra maneira o noso contorno máis inmediato.

Manipulando escalas pódense explorar as dimensións de todas as cousas que poboan o universo, que pasan a ser relativas segundo sexa a medida empregada.

Deste xogo de escalas ocúpense dúas plantas do compostelán CGAC. O director e comisario desta mostra, Miguel Fernández-Cid, agrupou a obra de máis de trinta artistas pertencentes ós fondos da institución para abordar a temática centrada na escala.

Á mostra déuselle un enfoque narrativo a partir dunha selección de textos inspirados nas obras de Jorge Luis Borges, Marcel Proust e Jonathan Swift.

Manexando a perspectiva territorial, perfílase a obra de Baltasar Torres titulada *Bosque*. A conquista do territorio polo home realizouse en moitas ocasións de maneira asoballadora co medio ambiente. Mistos plantados a modo de árbores están a punto de incendiar unha vivenda campestre. O interior da casa respira unha ignición resplandecente excesivamente quentada para atraer a lapa. Habitar un espazo doméstico, como suxire algún teórico, é algo marabilloso pero tamén pode espertar acexantes e perigosos medos.

Alongar a escala arquitectónica orixinou a aparición do rañ-



'III Crossing', unha obra de June Bomb Bark

ceos. Ante esas alturas infinitas a escala humana é un simple punto insignificante no espazo. Na exaltación do edificio, do proceso constructivo modificador do contorno urbano, encádrase a obra fotográfica de Frank Thiel ou a de Rochelle Costi, mirando ó futuro e ó pasado respectivamente.

Unha sala ocupa a obra de Mónica Alonso. Reflexiona por medio de maquetas sobre a conveniencia e beneficio das terapias propiciatorias do confort e a busca da felicidade doméstica.

Ó manipular a escala corporal, se o home se converte en ser diminuto, o seu espazo amplíase e outórgalle unha privilexiada posición dominadora sobre el.

O italiano Loris Cecchini introduce dixitalmente nas súas

fotos figuriñas en miniatura de seres normais ante un mundo altamente configurado pola tecnoloxía.

O espectador séntese caer pola mesma pendente pola que esvarou a Alicia de Lewis Carroll, nunha caída paralela ó empequeñecemento do personaxe. É entón, nese novo estado, cando o contorno se percibe como algo marabilloso, propio do ámbito do soño.

A estatuaría de Balkenhol fálanos da normalidade en figuras ataviadas de rúa, pero que adoptan cambios de medidas excedendo un pouco a escala humana para que o observador manteña unha relación de igualdade e comodidade. Noutros casos redúcese a escala liliputiense.

Andrés Pinal investiga co corpo humano. Partes corporais re-

vístense de corte escultórico e de carácter enigmático. O dedo dunha man sostén un soldadiño armado, mostrando o lado agresivo dunha sociedade que manexa modelos e iconos perigosamente infantís portadores de valores como o machismo ou a violencia militarizada. Inxenuidade perversa, como tamén se aprecia no traballo de June Bomb Bark.

A man manipuladora, a modo de ollo divino que todo o ve e controla, manexa o mundo ó seu antollo por ter alcanzado un poder moi superior ó dos mortais.

O home xa non é o centro do mundo; ten que acomodarse a determinados acontecementos que o empequeñecen ou o agrandan segundo o medio de onde proveñan.

CINE

# Xogos turbios e inquietantes cunha liviá intriga con trampa

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO

PALABRAS ENCADENADAS

Directora: Laura Mañá  
Intérpretes: Darío Grandinetti, Goya Toledo, Fernando Guillén, Eric Bonicatto

Sobre unha obra de teatro de Jordi Gaceran, Fernando de Felipe e Laura Mañá escriben unha historia de desacougo, ambigüidade, desconcerto e violencia, que a propia Mañá se encarga de dirixir con pulso bastante firme. Pero o xogo de intelixencia e indagación dolorosa sobre as razóns máis agochadas do ser humano que podería supor *Palabras encadenadas*, redúcese a unha liviá intriga con trampa, a unha magnífica interpretación do protagonista e a detalles de precisión na estrutura narrativa dignos de non ser esquecidos.

O filme enreda desde o comezo. Desde o primeiro plano cuberto de sarabia, desde a primeira voz clara, coherente e directa, quere facernos crer que estamos diante dun psicópata que mantén pechada nun soto á súa exmuller. Sen embargo, a medida que o nobelo se vai detecendo con habilidade, sospeitamos se non haberá máis complicacións, se a complexidade nas relacións non trasladará aspectos da vítima ó verdugo, deste á vítima, establecendo un xogo de emocións, dependencias e pulsións malas de controlar. Pero é aquí onde embaza a película. Así como a estrutura narrativa, eses cruzamentos de información entre a vida no soto e as investigacións de dous policías sobre a desaparición da muller, van achegando en doses controladas a claridade precisa, a trama sobre a que se sustenta non se cimenta no tormento dunha relación que a explique. Unha de dúas: ou se centraba só na liña psicopatolóxica do protagonista ou, se pretendía darlle maior rigor e fortaleza, coma malgúns momentos parece pretender, debería construír con máis robustez a personaxe feminina e a relación entre ambos, insinuando, cargando máis a tensión sexual. Ó carecer deste elemento, a trama naufraxia, navega nun barco xeitoso, sen tripulación experta, con rumbo variable.

Convén destacar sobre todo a magnífica interpretación de Darío Grandinetti, espléndido na voz e na dicción, convincente sobre todo como culto e intelixente malvado. Mágoa que Goya Toledo, tanto que me gustara en *Amores Perros*, en gran medida pola inconcreción do seu personaxe, xusto é recoñecelo, pero tamén pola súa pésimas voz e a inseguranza que mostra en todo o filme, non estea á súa altura.

A DEPUTACIÓN DE OURENSE

COA NOSA

# CULTURA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Teatro Principal

CENTRO CULTURAL DEPUTACIÓN OURENSE

PAZO DE VILANARÉN

REAL BRASO DE OBERA MONTAÑAS QUARESMA

escola provincial de danza

XORRABAS FOLCLORE

ORRADOIRO DE INSTRUMENTOS

ESCOLA DE ARTES E OFICIOS

Biblioteca